



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Como resultado dos acordos acadados na Mesa Xeral de Negociación entre a Mancomunidad e o Sindicato C.I.G., publícanse as seguintes " **BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CREACION DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERIN.** (consultables na seguinte <http://www.mancoverin.es/category/novas/page/5/>).

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto das presentes bases é establecer unha bolsa de emprego para a contratación temporal de traballadores sociáis durante o ano 2019/2020, cando sexa necesario para a prestación do servizo, ou cando se trate de cubrir baixas, permisos e outros ceses temporais de prestación do servizo das traballadoras actuais.

2. O **contrato** laboral que se subscribirá será o de obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1.a) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

3. As **funcións** serán ás propias do posto do traballador/a social:

- Informar, asesorar e orientar ós individuos, grupos e á comunidade en xeral sobre os dereitos, obrigas e recursos existentes en materia de servizos sociais, así como sobre os procedementos para o seu exercicio e, se é o caso, a intermediación necesaria para que sexan efectivos.

- A análise da realidade para a detección das necesidades e carencias sociais na zona de influencia do centro.

- Desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación en xeral e de forma especial a aqueles colectivos que se atopen en situación de risco.

- A detección e a avaliación das problemáticas, e o establecemento das solucións de acordo cos recursos sociais existentes ou, se é o caso, a súa derivación ós servizos sociais especializados

- A coordinación de todas e todos os profesionais do equipo do centro e coas responsables técnicas e técnicos dos servizos sociais da Mancomunidad, servindo de canle de transmisión da información necesaria para o cumprimento dos obxectivos dos diferentes programas, así como das posibles dificultades encontradas en cada un

Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Calle do Cancelón, 1, Verín. 32600 (Ourense). Tfno. 988414600. Fax: 988 592085





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

deles, facilitando a información necesaria para novas programacións, avaliacións etc

- Traballar para conseguir os obxectivos que establece o decreto que regula os servizos sociais de atención primaria.
- Desenvolver os programas propios dos servizos sociais de atención primaria (información, orientación e asesoramento, programa de axuda no fogar, programas de inserción social etc.).
- Calquera outra propia do seu grupo profesional que se lle encomende relacionada cos servizos sociais mancomunados.

4. Sistema de selección: será o de concurso-oposición.

SEGUNDA. Prazas que se convocan.

As prazas obxecto desta convocatoria son as seguintes:

- TRABALLADOR/A SOCIAL:
- Contrato laboral: obra ou servizo determinado.
- Xornada laboral: 8 horas.
- Retribucións: As da categoría do posto na Mancomunidad.

TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no concurso-oposición deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado,





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.

f) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de solicitudes, do título de **diplomatura universitaria en traballo social, ou do título de grao en traballo social**, que deberá ser acreditado mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

g) Posuir permiso de conducir **tipo B** ou superior e dispoñibilidade de vehículo. (como queira a xornada de traballo das traballadoras sociáis desenvólvese na sede dos diferentes Concellos que forman parte da Mancomunidad).

CUARTA.- Criterios de selección, puntuación e xustificación.

Os méritos que se valorarán, segundo a puntuación e acreditación que se especifica, son os seguintes:

A FASE DE CONCURSO (de 0 a 8 puntos - 40% DO TOTAL) constará dos seguintes apartados:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **5 puntos**.

Por servizos remunerados prestados na administración pública (**máximo 3,50 puntos**).

- Relacionados directamente coas tarefas de traballador social: 0,15 puntos/mes.

Por servizos prestados en empresas privadas (**máximo 1,50 puntos**):

- Relacionados directamente coas tarefas de traballador social: 0,10 puntos/mes.

A experiencia profesional acreditarase **EXCLUSIVAMENTE** mediante a presentación **CONXUNTA** de certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2. Formación: puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **2 puntos**:

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta avalados por un organismo público:

Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso

Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso

Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso

Cursos de 251 horas a 500 horas: 0,35 puntos/curso

Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos curso

3. Galego:

Celga 4. 1 Punto.

Celga 3. 0,80 Puntos.

Celga 2. 0,60 Puntos.

FASE DE OPOSICION (de 0 a 12 puntos - 60% DO TOTAL):

1. Exame teórico: obrigatorio e non eliminatorio: máximo **8 puntos**.

Realizárase unha proba teórica (de 40 minutos de duración) na que deberán de superar un exame de 20 preguntas tipo test relativas ás funcións e actividades do traballador social. Cada resposta correcta sumará 0,40 puntos. Cada resposta errónea restará 0,20 puntos.

2. Exame práctico: obrigatorio e non eliminatorio: máximo **4 puntos**.

Realizárase unha proba na que deberán de resolver un caso práctico mediante proba escrita directamente relacionado cas funcións definidas no artigo 1 destas bases.

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. As solicitudes para participar neste concurso presentaranse, conforme ao modelo que figura como **Anexo I** das bases, no prazo de **cinco (5) días hábiles** no Rexistro xeral da Mancomunidad, en horario de 9.00 a 14.00 h., ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía correo electrónico á Mancomunidad. Dito correo deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (e-mail da Mancomunidad: mancomunidad@verin.gal)

2. O referido prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no **Boletín Oficial da Provincia de Ourense**. Dito anuncio e as





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios, na sede electrónica da Mancomunidad e na páxina web da Mancomunidad (www.mancoverin.es). Xunto coa solicitude, os aspirantes achegarán a seguinte documentación:

- a) Copia do **DNI** ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b) Relación de **méritos** que alega, **Anexo IV** debidamente cuberto; e a documentación xustificativa de cada un deles, significándose que non se valorarán aqueles méritos que polo tribunal se consideren que non estiveran suficientemente acreditados. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con posterioridade o remate do prazo de presentación de instancias.
- c) **Declaración** responsable de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).
- e) Copia do **permiso de conducir**.

3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4. Rematado o prazo, o presidente da Mancomunidad de Municipios da Comarca De Verín aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos así como a composición do tribunal de selección, que se publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica da Mancomunidad e na páxina web desta Mancomunidad (www.mancoverin.es). Os candidatos terán un prazo de dous días hábiles para reclamacións e correccións de deficiencias (non para achegar novos méritos non alegados ate entón). As reclamacións, en todo caso, teñen que ser realizadas por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente. Deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes. Non caben reclamacións pola falla de documentación non achegada no seu momento.

Rematado o prazo de subsanación de erros dictarase resolución da lista definitiva de admitidos e excluídos. A mesma resolución do Presidente conterà o lugar, data e hora de reunión do tribunal de selección e a realización dos exames.

Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Calle do Cancelón, 1, Verín. 32600 (Ourense). Tfno. 988414600. Fax: 988 592085



Cod. Validación: T75J5J3S4MPJK3672CZWEJHC | Corrección: <http://mancoverin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

SEXTA. Tribunal de selección.

1. Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, e para os efectos de avaliar os méritos acreditados, constituirase un tribunal de selección que estará formado por tres (3) membros, integrado por un presidente, dous vogais e asistidos por un secretario que actuará con voz pero sen voto.
2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública. A súa composición será estrictamente técnica e a lo menos dous deles seran traballadores sociais.
3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.
4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.
5. O tribunal non poderá constituirse nin actuar válidamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.
6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que efectúase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas nas leis.

SETIMA. Resolución da convocatoria e contratacións.

1. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará no taboleiro de edictos, na sede electrónica da Mancomunidad e na páxina web da Mancomunidad www.mancoverin.es a relación de candidatos que superaron o proceso de selección, pola orde de puntuación acadada e con indicación da cualificación obtida.
2. Cos ditos aspirantes que superaron as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que constituirá a bolsa de contratación para cando sexa necesario para a prestación do servizo, ou cando se trate de cubrir baixas, permisos e outros ceses temporais de prestación do servizo das traballadoras actuais.





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

OITAVA. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

Os chamamentos aos integrantes da bolsa de emprego axustaranse ao disposto na presente cláusula:

1. No caso de que o integrante na bolsa de emprego ao que lle correspondese o chamamento pola orde de puntuación puidese incorrer nun encadeamento de contratos, ou mantemento de relación laboral de 24 meses nun período de trinta, que puidese derivar nunha relación indefinida con esta administración, suspenderase o seu chamamento pasando ao seguinte da lista. A suspensión do seu chamamento será polo tempo necesario para evitar a incursión en fraude de lei que derive nunha relación indefinida. Transcorrido o prazo necesario restablecerase a posibilidade do seu chamamento no posto da bolsa que obtivese segundo a puntuación.

2. O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo coa Mancomunidad volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cós puntos obtidos.

3. A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

- o Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- o Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.

- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

4. Poderán os integrantes da bolsa pedir que se suspendan os chamamentos para a mesma por estar desempeñando outro traballo; a suspensión deberá ser solicitada como mínimo 15 días antes do chamamento.

5.. As comunicacións faranse por vía telefónica e para a súa localización realizaranse tres chamadas, para o cal os aspirantes deberán indicar polo menos un teléfono de contacto. En caso de indicar máis dun número, deberá consignarse unha orde de preferencia. A partir do momento en que se estableza o contacto telefónico, e aceptado nesas chamadas o posto, o interesado disporá unicamente de 24 horas para formalizar o seu contrato laboral presentándose na Mancomunidad. En caso de non entablarse comunicación tras as tres chamadas, procederase o chamamento do





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

seguinte da lista. O encargado de facer as chamadas deixará constancia no expediente do resultado das mesmas. Se o candidato rexeita a oferta de contratación mediante a chamada telefónica, seralle remitida carta con notificación de recibo, na que se faga constar a citada oferta e o seu paso ao final da lista como consecuencia da súa renuncia a esta. Os candidatos que non tivesen sido localizados permanecerán nos postos que ocupaban na Bolsa, á espera dun novo chamamento. As persoas que renuncien a dous chamamentos na mesma bolsa, sen mediar xustificación, quedarán excluídas automaticamente da Bolsa. Aqueles integrantes da Bolsa que unha vez citados, non se presenten á citación, entenderase que rexeitaron a esta, pasando ao último lugar da lista, salvo que exista xustificación conforme ao xa mencionado.

6. Esta bolsa de emprego terá como vixencia un ano; entendéndose como prorrogada por outro ano máis se non se convocara outra nova bolsa, sendo esta improrrogable por un ano máis.

7. Excepcionalmente, cuando quedara agotado o listado da Bolsa de Emprego, poderá confeccionarse un listado adicional a partir da apertura dun prazo extraordinario da Bolsa de Emprego para cubrir necesidades de carácter temporal. Estas posibles convocatorias, axustaranse, en todo caso, ó disposto nas presentes Bases.

NOVENA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Verín, 24 de outubro de 2019

O Presidente,

Asdo.: José Luis Suárez Martínez

documento asinado eletronicamente





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

R/ _____ Nº _____

LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____

CÓDIGO POSTAL _____ TELÉFONO _____ email _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada pola Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, para a creación dunha bolsa de emprego de traballadores/as sociais.

DECLARO:

1º- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométo-me a someterme ás bases que o regulan.

3º.- Que autorizo a Mancomunidad para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro e na páxina Web da Mancomunidad, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Verín, ____ de _____ de 2019

Asdo. _____

AO PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DE VERIN

Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Calle do Cancelón, 1, Verín. 32600 (Ourense). Tfno. 988414600. Fax: 988 592085





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO II: Modelo de declaración responsable

D./Dña.....con DNI.....,e domicilio en....., declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servicio de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación traballador/a social asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Verín,.....de.....de 2019.

(Asinado polo/a interesado/a)





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO IV: Relación de méritos alegados.

NOME: _____ DNI _____

APELIDOS: _____

REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS Ó POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL

ACREDITO O SEGUINTE:	SI	NON
DIPLOMATURA/GRAO DE TRABALLO SOCIAL		
PERMISO DE CONDUCIR TIPO B		
COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA		

EXPERIENCIA LABORAL

Encha o cadro segundo a información da súa vida laboral, preferentemente organizada de máis recente a máis antiga. Lembre que debe presentar o certificado da vida laboral e contratos ou certificados de empresa onde figure a categoría profesional correspondente.

NOME DA EMPRESA/ORGANIZACIÓN	CATEGORÍA PROFESIONAL	TOTAL MESES	TOTAL DÍAS	SINALE SE PERTENCE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA OU PRIVADA

Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Calle do Cancelón, 1, Verín. 32600 (Ourense). Tfno. 988414600. Fax: 988 592085



Cod. Validación: T75J5J3S4MPJK367ZCZWEJJC | Corrección: <http://mancoverin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 13



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

FORMACIÓN

Encha o cadro segundo os cursos de formación homologados que dispoña, facendo mención ó curso e o número de horas. No suposto de que non dispoña de número de horas, deixe o oco baleiro. Prégase organizar a información de maior a menor: cursos de maior duración a menor duración. Lembre que a formación debe estar relacionada coas funcións do posto.

NOME DO CURSO	ENTIDADE	Nº HORAS





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO III

- 1.- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Principios xerais.
- 2.- Os servizos sociais comunitarios en Galicia e o seu financiamento.
- 3.- Competencias das entidades locais en materia de servizos sociais. Constitución española. Lei reguladora de bases do réxime local e marco competencial autonómico de Galicia.
- 4.- O traballo social: concepto, funcións e niveis de intervención, fundamentos e principios.
- 5.- O Proceso metodolóxico no traballo social.
- 6.- Recursos técnicos de Traballo social (Técnicas, Instrumentos, soportes documentais e informáticos)
- 7.- Ética profesional e Código deontolóxico do traballo social.
- 8.- Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- 9.- A poboación inmigrante. Lei orgánica 8/2000, de 22 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social: Reagrupamento familiar e arraigo.
- 10.- As persoas con discapacidade: Normativa, valoración, recursos..
- 11.- Muller: CIM, Programas e Axudas as mulleres vítimas da violencia de xénero en Galicia.
- 12.- Maiores: Recursos e programas.
- 13.- Dependencia: Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Procedemento para o recoñecemento, catálogo de servizos do SAAD e prestacións.
- 14.- O servizo de axuda no fogar (SAF): Normativa, coordinación e funcionamento.
- 15.- Familia, infancia e adolescencia: papel dos servizos sociais de atención primaria. Absentismo escolar.

